

III premio Antón Risco de Literatura Fantástica

urco
EDITORIA



Fundación
Vicente Risco

Áncora
editora

AUGA
HUGH
EDITORIA

saca
un
tos
cooperativa
gráfica



traga_mundos
LIVRO e VÍDEO, OCEANO e LECTURAS do DIÁRIO



Urco Editora, a Fundación Vicente Risco, Auga Editora, Áncora Editora, Sacauntos Cooperativa Gráfica, Librería Aira das Letras, Livraria Traga-mundos, Pastelería Fina Rei e A Fábrica de Vilanova, convocan conxuntamente o

«III Premio Antón Risco de Literatura Fantástica» coa fin de homenaxear o escritor e teórico da literatura alaricano Antón Martínez-Risco Fernández. Continuador do gusto polo fantástico do seu pai, don Vicente Risco (a quen podemos considerar introdutor do xénero fantástico na literatura galega coa obra *Do caso que lle aconteceu ao Dr. Alveiros* en 1919), Antón Risco foi un profundo teorizador da literatura fantástica con obras como *Serpentáguila* (*Notas de un lector de poesía*), Quebec (Canadá), Ediciones Hipogrifo, 1986; *Literatura fantástica de lingua española* (Teoría y aplicaciones), Madrid, Taurus, 1987; *Viaxes á América Latina á procura de literatura fantástica*. Sada (A Coruña), Edicións do Castro, 1987. Tamén cómpre salientar o seu labor de editor en *Antoloxía da literatura fantástica en lingua galega*, Vigo, Galaxia, 1991. Asemade, foi prolífico escritor de novelas e relatos fantásticos, moitos deles aínda inéditos.

Por tal motivo e co fin de continuar o seu labor de divulgar o xénero fantástico convoca este premio conforme ás seguintes BASES:

Primeira: Poderá concorrer a este premio calquera persoa que presente escritos inéditos da súa autoría redactados en lingua galega ou portuguesa, cunha extensión mínima de 150.000 caracteres con espazos e máxima de 600.000.

Segunda: O prazo de entrega remata o día 30 de outubro de 2017 e os orixinais deberán entregarse na sede de Urco Editora, en Rúa do Avío, 11 baixo – 15705 Compostela, ben de xeito presencial, ben por correo postal ou mensaxería, sen que consten no exterior datos identificativos do/a autor/a.

Terceira: Os orixinais presentaranse en formato PDF, ODT ou DOC, gravados nun CD ou nunha memoria externa, maquetados en formato DIN-A4, en letra Times ou semellante de corpo 12 e a dobre espazo. Alternativamente, poden enviarse en papel, caso no que deberán entregarse 5 copias debidamente encadernadas.

Calquera orixinal entregado en letra Comic Sans será automaticamente descartado e o/a autor/a denunciado/a ante as autoridades competentes.

Os orixinais, veñan en CD ou en papel, irán acompañados dun sobre fechado que conterá a identidade do/a autor/a (nome completo, enderezo, teléfono e correo electrónico) e o título definitivo da súa obra, facendo constar no exterior só o título ou lema da mesma.

Cuarta: A obra gañadora será premiada con 3000 euros (suxeitos ás retencións fiscais pertinentes) e a publicación do libro. Urco Editora e Áncora Editora serán as encargadas da edición e publicación da mesma en lingua galega ou portuguesa e Auga Editora da tradución, edición e publicación en lingua española.

Quinta: O xurado estará composto por cinco persoas escollidas entre personalidades recoñecidas do mundo da literatura e da edición.

Sexta: Se a calidade literaria das obras non fose estimábel, segundo o criterio do xurado, o premio poderá declararse deserto.

Sétima: A contía do premio considérase en concepto de anticipo polos dereitos de autoría, polo que Urco Editora, Auga Editora, Áncora Editora e demais convocantes, resérvanse o dereito de publicación da primeira edición da obra gañadora en lingua galega ou portuguesa e castelá. O/A beneficiario/a do premio, recibirá gratuitamente 25 exemplares da obra publicada en cada lingua e na adquisición doutros exemplares contará cun desconto do 50%. Asemade, a persoa gañadora do premio será convidada a formar parte do xurado na seguinte edición. Se os dereitos de autoría xerados polas vendas superasen a contía do premio, procederase a liquidar periodicamente os mesmos con normalidade.

Oitava: As entidades convocantes resérvanse o dereito a publicar, xunto co fallo, os lemas das obras finalistas cuxa publicación recomendase o xurado, mais sen abrir a plica, para respectar así o seu anonimato. Os/As autores/as das obras mencionadas que así o desexen, poderán poñerse en contacto coas entidades convocantes para trataren o tema da publicación.

Novena: Os orixinais que non resulten premiados serán devoltos aos seus autores e autoras no caso de o requiriren por escrito antes de rematar o mes seguinte á decisión do xurado.

Décima: O fallo do xurado terá lugar en Allariz, na Fundación Vicente Risco, durante o mes de febreiro de 2018.

Undécima: A participación neste premio leva de seu a aceptación das presentes bases, así como a decisión do xurado, que será inapelábel.